

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 24, 35-48

Naquel tempo, os discípulos de Xesús que volveron de Emaús contaron o que lles pasara polo camiño, e como o recoñeceran no partir o pan.

Estando eles comentando estas cousas, presentóuselles Xesús no medio e díxolles:

– «¡A paz sexa convosco!»

Sobresaltados e cheos de medo, coidaban contemplar un espírito. Pero el díxolles:

– «¿Por que estades asustados, e a que veñen esas dúbidas? Mirade para as miñas mans e para os meus pés: sonvos eu. Palpade aquí e decatádevos de que un espírito non ten carne nin ósos, como vedes que teño eu.»

E dicindo isto, mostroulles as mans e mais os pés. Pero eles, tolos de contento e sen saíren do seu asombro, non acababan de crer. Xesús preguntoulles:

– «¿Tedes por aí algo que comer?»

Déronlle un anaco de peixe asado. El colleuno e comeuno diante deles. Logo díxolles:

– «A isto referíame eu cando, estando aínda convosco, vos dicía que conviña que se cumprise todo o que está escrito na Lei de Moisés, nos Profetas e mais nos Salmos acerca de min.»

E abriu os seus entendementos para que comprendesen as Escrituras. E engadiu:

– «Así está escrito: o Mesías padecerá e resucitará de entre os mortos no terceiro día, e predicarase no seu nome a conversión e mais o perdón dos pecados a todos os pobos, empezando por Xerusalén. Vós seredes testemuñas de todo isto.»